

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**7585** *Real decreto 580/2017, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 243/1992, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias.*

A Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, establece un conxunto de medidas coa finalidade de garantir a calidade dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, seguindo para iso as recomendacións da Unión Astronómica Internacional.

Pola súa banda, o Regulamento da citada Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, aprobado polo Real decreto 243/1992, do 13 de marzo, ten por obxecto establecer as condicións e os límites tolerables de todos os factores susceptibles de degradar a calidade astronómica do ceo sobre as zonas que rodean os observatorios do citado instituto e concreta o alcance das limitacións que a Lei 31/1988, do 31 de outubro, prevé en relación coa iluminación de exteriores, instalación e funcionamento de emisoras radioelétricas, o establecemento de industrias e actividades ou servizos potencialmente contaminadores da atmosfera e calquera outro factor que se revele degradante da calidade astronómica dos observatorios nas illas de La Palma e de Tenerife.

Para controlar e avaliar as actividades contaminantes que puidesen obstaculizar os labores de investigación do Instituto de Astrofísica de Canarias, velar polo cumprimento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, e posterior aplicación do seu regulamento, creouse, en xaneiro de 1992, dentro da súa estrutura, a Oficina Técnica para a Protección da Calidade do Ceo (OTPC).

Desde a súa creación, esta oficina foi elaborando procedementos e distintas guías técnicas para dar solución á casuística derivada dos proxectos e instalacións de iluminación exterior levadas a cabo nese tempo no ámbito territorial de aplicación do réxime de protección establecido na Lei 31/1988, do 31 de outubro, e no seu regulamento, evidenciando a necesidade da súa permanente actualización co fin de incorporar novas solucións e tecnoloxías na iluminación e, deste xeito, facilitarlles aos interesados a aplicación desta lexislación.

Para posibilitar o deseño de tales proxectos de iluminación exterior e o control sobre estes por parte da Oficina Técnica para a Protección da Calidade do Ceo, as luminarias e lámpadas están suxeitas a unha certificación previa da Oficina Técnica e as instalacións de iluminación exterior ao informe preceptivo do Instituto de Astrofísica de Canarias, de acordo co artigo 5 da Lei 31/1988, do 31 de outubro, e cos artigos 27 e 28 do seu regulamento, para validar aquelas características que afecten a aplicación da normativa e as garantías de protección que constitúen o seu obxecto.

Os permanentes cambios que se producen nos ámbitos do coñecemento e tecnolóxico, como a irrupción da tecnoloxía led, que supón definir parámetros non tipificados regulamentariamente, modificar límites de emisión e permitir unha maior banda espectral, evidencian a necesidade de consolidar mecanismos de control que garantan o respecto aos mandatos da Lei 31/1998, do 31 de outubro, utilizando unha fórmula de regulación flexible, capaz de manter un equilibrio entre as solucións viables menos impactantes e as máis eficientes.

Para acadar estes obxectivos e para os efectos da emisión do informe preceptivo a que se refire o artigo 5 da Lei 31/1988, do 31 de outubro, o Instituto de Astrofísica de Canarias terá que determinar, logo de informe preceptivo do Goberno de Canarias, un

catálogo de especificacións que garanta a vixencia técnica das limitacións e requisitos establecidos na lexislación, proporcionando con iso transparencia á actuación do citado instituto e seguridade xurídica aos interesados.

Este real decreto foi sometido á consulta do Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade e do ministro de Fomento, e coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 243/1992, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias.*

Dáse nova redacción ao artigo 1 do Real decreto 243/1992, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 1.

Apróbase o Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, cuxo texto se insire a continuación».

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, aprobado polo Real decreto 243/1992, do 13 de marzo.*

Modifícase o Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, aprobado polo Real decreto 243/1992, do 13 de marzo, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o título do regulamento como segue:

«Regulamento da Lei 31/1988, do 31 de outubro, sobre protección da calidade astronómica dos observatorios do Instituto de Astrofísica de Canarias, aprobado polo Real decreto 243/1992, do 13 de marzo».

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 6, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6.

1. Todas as iluminacións de exteriores deberán evitar a emisión de luz por riba do horizonte e deberanse realizar de forma e con lámpadas que produzan a mínima perturbación das observacións astronómicas.

2. Para garantir o cumprimento do disposto no punto anterior, e para os efectos da emisión do informe preceptivo a que se refire o artigo 5 da Lei 31/1988, do 31 de outubro, o Instituto de Astrofísica de Canarias, logo de informe preceptivo da Consellería de Economía, Industria, Comercio e Coñecemento do Goberno de Canarias, determinará o catálogo de especificacións técnicas aplicable ás instalacións de iluminación exterior suxeitas a este regulamento.

Este informe da Consellería de Economía, Industria, Comercio e Coñecemento do Goberno de Canarias deberase emitir no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da solicitude, transcorrido o cal se entenderá emitido con carácter favorable».

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 9, nos seguintes termos:

«Artigo 9.

1. Na iluminación viaria, as lámpadas permitidas serán as de vapor de sodio a baixa presión. O uso das de alta presión poderase autorizar unicamente en determinadas zonas urbanas e sempre coa correspondente autorización ou licenza, de conformidade co establecido nos artigos 27 e 28.

2. Tamén se permitirá o uso doutras lámpadas con diferente tecnoloxía de iluminación sempre que estean incluídas no Catálogo de especificacións técnicas a que se refire o artigo 6.2 e se utilicen unicamente nos usos e coas especificacións indicadas no dito catálogo. Estas lámpadas, na súa emisión espectral ou uso, deberán igualar ou diminuír o seu impacto na calidade astronómica respecto das lámpadas indicadas no número 1».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN